

## Principais actividades de H5P

Nome	Tipo	Breve descripción
<b>Columna (Column)</b>	Agregación	Permite agrupar distintos tipos de contidos H5P (moi útil para poñer varias actividades de H5P xuntas).
<b>Presentación de curso (Course presentation)</b>	Agregación	Permite facer unha presentación similar a un Powerpoint, pero no que se poden engadir actividades interactivas feitas en H5P. A forma de crealos é similar a Prezi, arrastrando os compoñentes a onde nos queiramos.
<b>Libro interactivo (Interactive book)</b>	Agregación	Moi similar a Presentación de curso, a diferenza é que ten un menú á esquerda que permite a navegación directa. Realmente son varias actividades de Columna que teñen un menú de navegación á esquerda. Podemos crear as páxinas que queiramos (non ten o aspecto similar a Prezi) É outra actividade de agregación, que podería englobar perfectamente unha unidade didáctica.
<b>Atopa na imaxe (Find hotspot)</b>	Avaliación	Marcar unha única posible resposta correcta nunha imaxe. Permite marcar varias incorrectas dando feedback
<b>Atopa na imaxe escolla múltiple (Find Multiple Hotspots)</b>	Avaliación	Igual que Find hotspot, pero para marcar varias posibles respostas nunha imaxe.
<b>Deslizar imaxes (Image slider)</b>	Información	Fai un slide de fotos, sen engadir texto.
<b>Agamoto (Image blender)</b>	Información	Fai o mesmo que o Image slider, pero permite meter unha descrición na parte inferior da imaxe.
<b>Drag and drop (arrastrar e soltar sobre a imaxe)</b>	Avaliación	Permite crear distintas zonas para soltar textos (ou imaxes). Pódese configurar para que non haxa erros ou para que si.
<b>Imaxe interactiva (Image hotspots)</b>	Información	Permite incrustar puntos de interese nunha imaxe. Eses puntos poden ser: texto, imaxes, videos ou audios.
<b>Flashcards</b>	Avaliación	Permite crear tarxetas nas que se mostra unha imaxe (ou un texto), e hai que escribir unha resposta curta (e exacta). Útil para repaso de vocabulario.
<b>Tarxetas (Dialog cards)</b>	Información	Similar a Flashcards, pero coa resposta xa dada no anverso da tarxeta. Útil para repaso de vocabulario.
<b>Imaxes superpostas (Image juxtaposition)</b>	Información	Permite mostrar o antes e despois (por exemplo) mediante un deslizador horizontal ou vertical.
<b>Emparellar imaxes (Image pairing)</b>	Avaliación	Permite emparellar imaxes entre si. Por cada carta (imaxe) hai que engadir unha imaxe que sexa a súa parella.
<b>Responde a pregunta (Guess the answer)</b>	Información	Permite engadir unha imaxe ou vídeo cunha pregunta, e mostra un botón ao alumno que lle permite ver a resposta.
<b>Liña de tempo (Timeline)</b>	Información	Permite crear unha liña de tempo, engadindo contido multimedia (non só de Youtube, senón tamén de Twitter, Google Maps, Wikipedia, etc.)
<b>Memory</b>	Información	Xogo sinxelo de memoria
<b>Ordear imaxes (Image Sequencing)</b>	Avaliación	Actividade para colocar imaxes por orde
<b>Virtual tour</b>	Información	Precisa de imaxes 360° (circulares). Permite engadir puntos de interacción. Podería valer para facer un tour virtual polo centro.
<b>Accordion</b>	Información	Permite agrupar textos en varios menús desplegables. (tipo acordeón). Non permite incorporar imaxes. Útil cando temos moito texto a mostrar, para dividilo en párrafos plegables.
<b>Arrastrar palabras (Drag words)</b>	Avaliación	Permite arrastrar palabras a uns ocos no texto. Moi fácil de configurar.

<b>Ensaio (Essay)</b>	Avaliación	Permite que o alumnado escriba un ensaio e teña feedback instantáneo.
<b>Completar (Fill in the blanks)</b>	Avaliación	Moi similar a Drag words, pero en lugar de arrastrar as palabras, hai que escribilas. Permite incorporar varias posibles solucións e dar pistas.
<b>Marcar palabras (Mark the words)</b>	Avaliación	Permite seleccionar varias palabras nun texto (por exemplo, clica nos adxectivos).
<b>Resposta múltiple (Multiple choice)</b>	Avaliación	Permite crear preguntas tipo test nas que hay máis de unha resposta correcta. En principio tamén se pode marcar aquí resposta única. Olo á configuración: "dar un punto pola tarefa completa".
<b>Quiz (Question set)</b>	Avaliación	Permite engadir diversos tipos de actividades de avaliación (Multiple choice, Drag and drop, Fill in the blanks, Mark the words, Drag text, True/False, Essay). Non permite cargar outras preguntas que haxa xa feitas (como se accedese a un banco de preguntas). Permite engadir un vídeo en función de se aprobaron ou non o quiz.
<b>Resposta única (Single choice set)</b>	Avaliación	Similar a resposta múltiple, pero <b>permite engadir máis de una pregunta</b> , pero <b>non permite dar retroalimentación en cada resposta</b> .
<b>Resumo guiado (Summary)</b>	Avaliación	Permite que o alumnado faga un resumo guiado, clicando na frase correcta entre varias incorrectas.
<b>Sopa de letras (Find the words)</b>	Avaliación	Permite facer unha sopa de letras de maneira moi sinxela. Permite mostrar ou non as palabras a atopar.
<b>Verdadeiro ou falso (True/False question)</b>	Avaliación	Preguntas de verdadeiro ou falso. Permite engadir un vídeo ou unha imaxe á pregunta. Non permite agregar máis de unha. Penso que é mellor incluílas nun Quiz.
<b>Dictado (Dictation)</b>	Avaliación	Engadimos un arquivo de audio e transcribímolo. Permite engadir o audio de 3 formas: subindo arquivo, pegando URL ou gravando dende o propio ordenador. Permite engadir o audio a velocidade normal e a velocidade lenta. Podemos engadir varias frases.
<b>Gravación de audio (Audio recorder)</b>	Avaliación	Permite que o alumnado grave un arquivo de audio de forma moi sinxela (podemos facer que lea un texto determinado ou que sexa libre).
<b>Recoñecemento de voz (Speakthewordsset)</b>	Avaliación	Avalía se o alumnado está pronunciando ben. Vale para que pronuncie palabras ou mesmo que fagan respostas guiadas a preguntas escritas.
<b>Vídeo interactivo (Interactive video)</b>	Avaliación	Permite facer un vídeo con moitísimas interaccións durante a reprodución do vídeo, engadir textos, imaxes, enlaces, e todo tipo de preguntas que vimos en H5P. Permite tamén, en caso de resposta afirmativa do alumnado, que o vídeo salte a un punto determinado (ou que continue sen máis), e que se a resposta é falsa volva ao principio. Permite tamén copiar e pegar interaccións, o que fai moi rápida a edición do vídeo interactivo.